



OFICIOS ARTESANOS

A CESTEIRÍA: “OS COROZEIROS”

*O meu amor é cesteiro,
é chegado a grandeza;
trábalha con facas de ouro
que de patra é baixeza.*

(Pires de Lima, Porto 1947)

O home, dende épocas moi antigas, necesitou transportar ou almacenar líquidos, alimentos, etc., polo qu ese viu obrigado á elaboración dalgún tipo de recipiente que lle solucionase a súa custodia ao trasladalo. Para elo soubo aproveitar en grande medida os vexetais que o rodeaban e medraban de xeito espontáneo tanto no monte baixo como nas ribeiras dos ríos, e lagos onde habitaba, e con eles foi quen de facer, a través dunha incipente técnica – entrecruzando vexetal– tanto recipientes, que hoxe chamamos cestos, como tecido vexetal: corozas, sombreros, capas e polainas. Son estas últimas, “as corozas”, ás que nos imos referir, froito da recopilación dos diferentes saberes artesanais ubicados na serra de Leboreiro (comarcas da Baixa Limia e Celanova).

1. ANTECEDENTES

A cesteiría¹ ou vexetación convertida en cultura material, vai acompañar ao home dende os seus comezos, precedendo, incluso, ao invento tanto da alfareiría como do tecido.

As evidencias dos tecidos realizados con vexetais e en concreto con xuncos, remóntanse a tempos primitivos dos que a arqueoloxía e gracias ás condicións medioambientais como poden ser unha grande aridez e humidade, permiten a supervivencia destes fráxiles materiais. Así temos que no Novo Mundo os tecidos peruanos conserváronse nun excelente estado gracias á aridez de boa parte do país. Nel e anterior ao ano 3000 a.C. xa existían tecidos elaborados con xuncos que medraban nas inmediacións do lago Titicaca, que

1. O vocábulo cesteiría, en sentido restrinxido, implica unicamente a elaboración de cesto; non obstante, unha acción máis ampla, abarca calquera tipo de peza realizada con fibras vexetais.



máis tarde serían substituídos por prendas de algodón, dando fama a este pobo, os Aimara, uns excelentes fabricantes de tecido e os únicos que no mundo conservan as antigas técnicas de trenzado de xuncos.



Indio aimara recollendo os xuncos para a elaboración da embarcación "Uru". Etnografía experimental.
Fotografía: Fonte, Magazine El Mundo. 27-X-1990.

Na península Ibérica os datos máis antigos sobre a cesteiría están representado nas pinturas rupes- tres levantinas da Araña (Valencia), os abrigos de Albarracín (Teruel), e de Cañete (Cuenca), ou o Molero (Castellón). Tamén se teñen datos arqueoló- xicas de utilización cesteira nas cabanas do Cerro de Cervera (Madrid), realizadas cun fondo de cesteiría, e sobre todo "o excelente lote de elementos de cesteiría do enterramento neolítico da Cova dos Morcegos (Granada), que inclúe 57 pezas distintas conserva- das, das que destacan os cestos e as sandalias" (VV. AA., 1999, 328-329), ou os restos de trenzados vexetais na Cova Sagrada II (Murcia) e os recentes achádegos no xacemento de Castellón Alto (Granada) pertencen- tes á cultura do Argar (4000-2700 anos a.C.) e que documentaron tamén, elaboración de tecidos.


Na nosa provincia e seguramente a partires da obser- vación de exemplos obtidos da natureza (níños de paxaros), o home, gracias á cesteiría, logrou crear superficies estruturais coherentes, como nolo pon de manifesto F. Conde-Valvís (1975, 159-177) no único exemplo que temos de construcións palafíticas:

"Estas construcións tiñan forma circular e as estacas servían para soste o piso e o tellado, formado por ramas de árbores entrelazadas entre si e cubertas de xunco e palla".



Dibuxo: F CONDE-VALVIS.

Vivendas que podemos poñer en relación coas construcións ou aperos agrícolas da montaña lucense: pallozas, horreos, gradas, colmeas, etc. perfectamente estudadas por: GONZÁLEZ REBOREDO e RODRÍGUEZ CAMPOS (1990); GONZÁLEZ PÉREZ (1991), ou outros exemplos dispersos pola nosa comunidade e estudados por diferentes etnógrafos ou historiadores.



Fonte: Ramiro Ramos (2000)

Por último, e con respecto a esta artesanía, e cen- trada no tecido vexetal que a continuación imos describir, non nos podemos esquecer da vesti- menta trenzada do home de Ötzi, unha especie de zamorra feita con herbas, pouco tupida pero que cubría o corpo dende o pescozo até os xeonllos. O borde superior da zamorra estaba tecida de xeito sinxelo, con herbas trenzadas e a el "**van suxeitos, en intervalos de seis ou sete centí- metros, varios cordóns herbáceos paralelos. Por diante, a zamorra está aberta de arriba abaixo. Os dous bordes lonxitudinais están**



feitos con cordóns herbáceos, aos que van suxeitos os fíos trenzados horizontais que forman a trama". A zamarra é polo tanto unha prenda moi útil con funcionalidade de prenda e tamén de esterilla ou manta para ser empregada pola noite.

En relatos de viaxes dos anos 1729-1730 perto de Turín, norte de Italia, atopamos paralelos a dita prenda: *"As xentes de humilde berce que andaban a pé levaban zamarras de palla ou xuncos delgados que lles chegaban ás pantorrillas e ían ben pechadas ao redor do pescozo"*.

Estamos, por todo elo, ante o predecesor da nosa vestimenta de xuncos?

2.- PROPOSTA METODOLÓXICA

Para a realización deste traballo deseñamos un método que nos permitiu describir, analizar e profundizar no estudo dunha tecnoloxía artesanal coa finalidade de que poda servir como base para un mellor coñecemento tanto do oficio artesanal como dos diversos obxectos empregados na elaboración do produto final. Todo elo nos levou nun primeiro momento a definir e delimitar o campo de estudo -neste caso a cesteiría e máis en concreto a elaboración de corozas-; unha ubicación xeográfica -Serra de Leboeiro e as súas estribacións (comarca da Baixa Limia e Terra de Celanova); realización do traballo de campo coa recopilación de datos (materias primas, ferramentas, procesos produtivos, venda e distribución, etc.) e finalmente traballo de gabinete dedicado á ordenación dos datos de campo e interpretación e análise dos resultados.

2.1. Definición e delimitación do campo de estudo

O noso obxectivo principal foi a realización dun mapa de distribución de oficios artesáns tanto na comarca da Baixa Limia como na Terra de Celanova, ante a problemática da desaparición destas artesanías ás que contribúen numerosos factores como son:

cambios nos modelos agrarios tradicionais -onde se asentaban estes oficios-, introdución de produción capitalista, aparición doutros elementos que substitúen aos tradicionais como a utilización do plástico na confección de recipientes domésticos, así como o abaratamento no mercado, o que produciu un cambio nestes oficios artesanais pasando os seus produtos a seren máis decorativos que funcionais; idade avanzada dos artesáns que nos ofreceron información, etc.

Unha vez realizada dita distribución de oficios artesáns localizados (*ferreiros, oleiros, cesteiros, carboeiros, ferradores, muiñeiros, xastres, fiandeiras,...*), comezouse a facer un estudo pormenorizado de cada un dos oficios.

O oficio dos cesteiros foi o primeiro en ser analizado, e dentro desta artesanía os especializados nos tecidos vexetais realizados con xuncos silvestres e denominados *coroceiros*, cuxas capas representan unha fase moi primitiva da nosa cultura material en vías de extinción.

O primeiro paso para calquera tipo de estudo é coñecer toda a bibliografía relacionada co tema, así como ir ás fontes relacionadas coa zona de obxecto de estudo. De todo elo poderemos elaborar, en segundo lugar, unhas fichas de campo que incluíron información sobre o artesán, así como materias primas e o seu proceso de transformación, o instrumental empregado, economía, apartado gráfico, etc.

Da análise bibliográfica sobre este tema, pódose observar que para calquera referencia ou aproximación ao mundo da etnografía galega en xeral e Ourense en particular, debemos comezar cun achegamento á obra de Xaquín Lorenzo, que como di o profesor Sierra Rodríguez (1998, 220): *"a súa obra sobre etnografía galega ten plena vixencia boxe en día, constituindo unha ferramenta fundamental para estes temas, incluso dende postulados teóricos e metodolóxicos diferentes aos seus"*. *"O repertorio de oficios e actividades artesanais que fai na súa obra principal*



é completo, aínda que non sexa obxecto da súa preocupación o encadre etnohistórico dos fenómenos que describe e estuda. Pero o que non ten sido superado aínda nas súas análises descritivas dos comportamentos, xestos e labores que identifican o entramado agrogandeiro da Galiza interior”.

Ente outros investigadores que trataron sobre o tema da cesteiría, nalgún dos seus diferentes aparatados, podemos citar a obra de Risco (1959), Peinador (1922) ou Bouza (1954), destes dous últimos sinalar a aportación dunha “xerga” específica do oficio. Nos últimos anos debemos destacar os diferentes estudos e aportación de: Sierra (1988), Fidalgo (1990-91) ou o estudo monográfico sobre a cesteiría de Fernández Bal (1989).

2.2. Ubicación xeográfica

O marco xeográfico do noso estudo ubícase na conca do Limia e máis concretamente na denominada subcomarca da Baixa Limia, localizada no sector Suroccidental da nosa provincia de Ourense. A súa extensión é duns 582 km² e segundo a actual distribución administrativa pertencen aos municipios de Bande, Muiños, Lobeira, Lovios e Entrimo. Aínda que o noso estudo tamén abarca os concellos de Vereá e Celanova.

Para o tema concreto dos coroceiros, centrarémonos na zona da Serra do Leboreiro. Esta serra está formada por unha serie de cumios, dos que algúns chegan aos 1300 m. Esta serra fai de divisoria de augas entre o Limia e o Miño, Arnoia e Deva. Dela parten unha serie de estribacións ou nervios que formarán divisorias de segunda e terceira orde, como é o caso da conca do Cadós, onde a media ladeira se sitúa o pobo de Pereira (Bande), lugar natural e de traballo do noso informante.

2.3.- O artesan

No pobo de Pereira (Bande), temos contactado con varios agricultores-artesáns: cesteiros, coroceiros, e a información -en décadas anteriores- de ter existido todo o proceso do liño.

De todos eles, o único que nos poido transmitir o seu oficio foi D. Darío Domínguez Álvarez, aínda que no desenrolo do proceso, dalgunha ou outra forma participou todo o pobo, ben no corte dos xuncos, malla, aportación de instrumental, ou ben animicamente interesándose en todo momento de como se ía elaborando a corozá. A todos eles e aos que na actualidade nos deixaron, a nosa máxima gratitude por nos permitir ser partícipes de tal inolvidábel experiencia.

Nome: Darío Domínguez Álvarez

Idade: 75 anos. (1993)

Natural de: Pereira (Bande, Ourense)

Profesión: Agricultor e cesteiro (elaboración de cestos e corozas).

Procedencia dos seus coñecementos: Exercizo de profesión por tradición familiar. Seu pai transmitiulle os coñecementos para facer as corozas e os cestos. Comezou a realizalas cando tiña 17 anos.

Declaración: Informounos sobre o xeito de facer as corozas e os cestos (con exemplos prácticos) e sobre aspectos económicos e sociais derivados do seu traballo.

Datas da declaración: ano 1993.

3.- DISTINTOS PROCESOS PARA A ELABORACIÓN DUNHA COROZA

Para poder conseguir a realización dunha corozá hai que seguir un proceso de elaboración distinguindo as seguintes fases:

3.1. Materias primas utilizadas e adquisición

Segundo o tipo de cesto ou tecido vexetal que se vaia realizar, a materia prima pode ser: tiras de madeira de carballo, bimbios, etc., empregados para os primeiros, e vexatación flexible -xuncos- para a realización das corozas. Estes xuncos adquiríanse nos terreos dos que eran propietarios -pradeiras húmidas á beira do río Cadós- ou noutros humidais da propia serra do Leboreiro. Esta planta ten as seguintes características:



XUNCOS (do latín *jungere* = atar, liar.)

Xénero: *Juncus*

Especies: *Holoschoenus vulgaris* L.

Familia: *Juncáceas*.

Características: Plantas lacustres.

Multiplicación: semillas.

3.2. Instrumental empregado no proceso de confección dunha corozá

- Maza: É un martelo de madeira feito de pau de sobreira ou de freixo. Denominado tamén maza, ésta última está feita de madeira de “carballo”, de forma cilíndrica e con mango, parecida ou igual que

a empregada polas *mazadeiras* do liño. Con ela golpean o xunco.

- Tesouras: metálicas para igualar os xuncos da corozá.

- Fouce: ou “fouciño” para cortar os xuncos.

- Pente: de púas metálicas para abrir os xuncos.

4.- TÉCNICAS DE ELABORACIÓN

4.1.- A corta do xunco

O primeiro paso no proceso dunha corozá é a corta dos xuncos. Nela existe certa controversia sobre cal é o momento máis idóneo para cortar os xuncos. Xeralmente acéptase que a mediados ou a finais do



CORTANDO O XUNCO



verán é a mellor época, xa que o obxectivo é que o xunco chegue a unha altura máxima sen que todavía merme a súa resistencia. Para cortalos emprégase xeralmente o fouciño e en algúns casos a gadaña coa que se pode cortar por baixo do nivel da auga. Despois, os xuncos lávanse e sécanse, proceso que pode durar sobre uns dez días ou varias semanas, segundo o clima.

4.2.- A malla

A tarefa da malla realízase coas mazas, instrumentos empregados tamén co liño. Con esta acción inténtase aplasatar e abrir o xunco para logo delubalo.

4.3.- Delubar

Unha vez ben mallados, o xunco delúbase. Para elo cóllense algunhas mazas e golpéanse fortemente contra

a pedra, para despois retorcelos a man. Nesta operación retírase o “pan” do xunco. Este pan soe ser empregado na comarca para facer flores, que adornan o sombreiro do traxe típico do entroido, (troteiro)², ou “volvoretas de aceite”.

4.4.- Secado

A continuación exténdense os xuncos, normalmente no patio, cuberta da palleira, etc., para que sequen ben e poder empezar a traballar con eles. O secado soe levar algunhas semanas dependendo do clima da zona, como sinalamos en liñas arriba.

4.5.- Elaboración da corozza

A confección da corozza empézase pola parte superior ou pescozo. Mediante a técnica da trama cordada vanse engadindo, con gradual aumento da



2. Agradecemos a Dna. M^{ra}. L. Cao González a información sobre o deseño dos traxes típicos de carnaval na comarca da Baixa Limia: verdadeira impulsora do renacer desta tradición no municipio de Bande.

"MALLA"



SECADO

anchura, os *biñóns*, que son dous ou tres xuncos dobrados pola metade (xuncos normalmente femias que permiten unha maior flexibilidade), que se entrelazan e suxeitan nas sucesivas vías ou tramas cordadas xeralmente formadas polo trenzado (de como mínimo de tres xuncos). Estas vías delimitan o hoco das mangas así como a última que marca a trama final da prenda.

4.6.- O penteado da corozza

Para que a corozza teña unha maior superficie de protección hai que penteala. Esta operación consiste en abrir os xuncos lonxitudinalmente cun pente de puntas metálicas. Con esta acción, a corozza vai adquirir un maior volume.

4.7.- Polainas

A súa función era protexer a perna dende o xeonllo até os nocelos. Elaborábase, como a corozza, cunha guía máis longa que as demais e que cumpra a función de suxección e atado da polaina.

4.8.- Tipoloxía

As corozas realizadas nesta comarca, con paralelos nas de Celanova (Ourense), a Gudiña (Ourense), e outras, tanto da nosa comunidade como de fóra dela (extremeña, ou zonas do Miño e Tras os Montes en Portugal), caracterízanse por seren de medio corpo ou longas, con ombreiras por onde se meten os brazos. Esta corozza está acompañada por unha capucha exenta e con polainas para as pernas.



COLOCACIÓN



"PENTEADO"



Na nosa provincia, de todos xeitos temos exemplos de corozas con capucha unida como as realizadas na aldea de Alvite (Baños de Molgas). Noutras zonas, esta capucha podería ser substituída por sombreiros de palla.

A COROZA CON CAPUCHA SOLTA

TIPOLOXÍA	LUGAR
Coroza con capucha unida	Alvite (Baños de Molgas, Ourense), Rubillón (Avión), Candosa (Irixo).
Coroza con capucha solta	Bande, Lobería, Entrimo, Celanova, Gudiña, Verín, Rubillón y Baiste (Avión), Beariz, Minho (Portugal)...
Coroza dunha peza confeccionada dende a cabeza até os xeonllos	Zona de Tras Os Montes (Portugal), Terras o Barroso (Portugal), Salas (Muiños, Ourense)

4.9.- Funcionalidade.

Principalmente, as corozas eran prendas empregadas para que os pastores se protexeran da choiva. Ao mesmo tempo estas prendas foron empregadas no entroido e sobre todo as pola inas que forman parte da indumentaria típica do entroido no concello de Bande: “Os Troteiros”.

4.10.- Outros produtos realizados con xuncos

A parte desta vestimenta para o home, elaborándose corozas ou esteiras para as vacas.



VISTA POSTERIOR



VISTA FRONTAL



5.- Producción

Actualmente a produción é nula.

6.- Situación socioeconómica

Ningún dos artesáns cesteiros e concretamente o noso amigo coroceiro vive desta artesanía. O seu substento é principalmente gracias aos labores do campo ou ás pensións da Seguridade Social, xa que están xubilados.

A cesteiría é un entreteñemento, o que queda do labor de antano á que dedicou grande parte da súa vida.

Non obstante, cando exercía plenamente o seu oficio, a comercialización dos seus produtos ían dirixidos a encargos dos seus veciños e á venda de corozas e cestos tanto nun ámbito parroquial, como municipal e extramunicipal.



Venda de produtos ámbito Parroquial	Municipal	Extramunicipal
Corbelle, Pereira Martinián, Lueda, Villameá, Sarreaus, Sordos, Seoane, Bande. Cadós	BANDE BANDE BANDE	
Taboazas, Parada, Fraga (cetos para o carbón vexetal)		LOBERÍA
Xendive		LOVIOS
Feira Vella		ENTRIMO CELANOVA

A contratación para a realización dunha corozza producíase persoalmente ou nas feiras da Baixa Limia. A corozza axustábase ao prezo dun día de xornal, e dentro deste xornal incluíase a manutención. A xornada comezaba ás seis da mañá na porta da persoa contratante.

O valor da corozza foi flutuando, evidentemente, cos tempos. Comezou custando de 6 reais a 30 (anterior



aos anos 1950), de 1 peseta a 1 peso nas décadas dos 50 e 60. nos anos posteriores o prezo oscilou entre as 15 pesetas e as 50, prezo último vendido na feira de Bande. O seu custo máximo, e unha vez case desaparecido este oficio na comarca, chegou ás 2000 pesetas, en encargos feitos sobre todo para os disfraces do carnaval.

En canto ás corozas para as vacas, o seu prezo na década dos 70 alcanzou as 1800 pestas, mentres que os cestos realizados con tidas de madeira, segundo o seu tamaño e forma, vendíanse a partires das 600 pesetas nese mesmo tempo.

7. Conclusión

O coroceiro é un oficio artesanal en vías de desaparición nestas comarcas do suroeste ourensán. A partires destas liñas tentamos achegarnos a un oficio, que como o de D. Darío, foi produto da simbiose entre o modo de vida artesanal e os recursos naturais que o medio no que vive lle ofrece. Artesanía que debemos referenciarla nun contexto económico e social dun pasado inmediato. Todo elo forma parte do que chamamos patrimonio etnográfico e acervo cultural, que está en vías de desaparición e polo que urxe facer estudos profundos para entender a importancia e trascendencia que tiveron e teñen dentro da nosa identidade cultural.

8.- BIBLIOGRAFÍA

ALFARO GINER, C., 1984, Tejidos y cesteiría en la Península Ibérica. Biblioteca Praehistorica, XXI. Madrid.

ASQUERINO FERNÁNDEZ, M.D., 1979, Fondos de cabaña del cerro de la Cervera (Mejorada del Campo, Madrid). Trabajos de Prehistoria, 36, Madrid, pp. 119-150.

BOUZA BREY, F., 1954, "Os cesteiros galegos de Mondariz e a súa fala gremial". *Homenaje a Fritz Krüger*, T. II, Universidad de Cuyos, Mendoza. (Reeditado en Bouza-Brey, F., *Etnografía y Folklore Galicia* (1). Edicións Xerais de Galicia. Vigo, pp. 163-202.

CALLE RODRÍGUEZ, A., 1982, El oficio de la cesteiría en Madrid. Madrid.

CONDE-VALVIS FERNANDEZ, F., 1975, "La Laguna de Antela y sus vicisitudes histórico arqueológicas". *B.Aur.* T. V. Ourense, pp. 159-177.

FELGUEIRAS, G., 1959, "O emprego do junco e da palha centeia no traje rústico". *Actas do coloquio de Estudos Etnográficos do Dr. José Leite de Vasconcelos*. Vol. II. Junta Provincial do Douro Litoral. Oporto, pp. 359-369.

FERNÁNDEZ BAL, M^a. L., 1989, Cesteiría e tecido vexetal. Vigo.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A., 1990-1991, "A pluraridade campesina: oficios e habilidades tradicionais". *B.Aur.* T. XX-XXI. Ourense, pp. 309-351

GALHANO, F., 1961-62, "Cesteria de Entre Douro e Minho. Contribucao para o estudo de cesteria portuguesa". *Trabalhos de Antropología e Etnografía*, XIII, 3-4. Oporto, pp. 257-335.

GARMENDIA LARRAÑAGA, J., 1980, "Preparado del junco" en *Artesanía vasca*. Vol. 6. San Sebastián, pp. 203-216.

GONZÁLEZ PÉREZ, C., 1991, Antropoloxía y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares. Vol. II. Lugo.

GONZÁLEZ REBOREDO, J.M., 1990, Antropoloxía y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares. Vol. I. Lugo.

GORTÁZAR Y OBIETA, I., 1977, "La cesteiría agrícola del Norte de España". *Institución Fernando el Católico. Actas del III Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares*. Zaragoza, pp. 523-531.

HERVELLA VÁZQUEZ, J.; 1999, Irixo. Natureza, historia e arte nun municipio da Galicia Interior. Ourense.

LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1962, "Etnografía-Cultura Material", de la Historia de Galicia de R. Otero Pedrayo, vol. II. Buenos Aires, pp. 500-506.

MÉNDEZ GARCÍA, R. M., SÁENZ-CHAS DÍAZ, M^a. .B., 1993, A cesteiría. *Cuadernos do Museo do Pobo Galego* nº 7. Santiago.

MERINO, B., 1909, Flora descriptiva é ilustrada de Galicia. T.III. Santiago, pp. 48-64.

PEINADOR, E., 1922, "Vocabulario dos cesteiros de Mondariz". *Rev. Nós*, nº 12, 13 y 14. Ourense.

RISCO, V., 1959, "Una parroquia gallega en los años 1920-1925". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. T. XV, nº 4. Madrid.

SÁNCHEZ SANZ, M^a. E., 1982, Cesteiría tradicional española. *Artes del Tiempo y del Espacio*. Madrid.

SESEÑA, N., SÁEZ DE LA CALZADA, M. y BOUZA J.L., 1977, "Aproximación al Arte Popular en Galicia". *Cuadernos del Seminario de Estudios cerámicos de Sargadelos*, nº 23. Ed. do Castro, Sada, La Coruña, pp. 5-18.

SIERRA RODRÍGUEZ, X.C., 1998, "Oficios artesanales". Ourense. Madrid, pp. 217-232.

SPINDLER, K., 1995, El hombre de los hielos. Barcelona.

VV.AA., 1998, Ourense etnográfico. Coruña.

VV.AA., 1999, Nociones de tecnología y tipología en Prehistoria. Barcelona.



SECUENCIA FOTOGRÁFICA DO PROCESO



1. Corta de xuncos



2. Recollida de xuncos



3. Xúntanse en feixes ou mazas



4. Secado



5. Maza



6. Malla de xuncos



7. Malla e delubado



8. Comezo da corozza



9. Tecido desde o pescozo



10. Tecido. Trenzado




11. Trenzado con tres xuncos



12. Detalle do proceso



13. Detalle do entrelazado



14. Detalle



15. Colocación para penteado



16. Medidas



17. Tomando medidas



18. Abertura para os brazos



19. Igualando os xuncos



20. penteado



21. Polainas



22. Polainas



23. Polainas.



24. Chapeo



25. Chapeo.



26. Coroza completa

27. Últimos retoques. Peinado

